



# A VANGARDA DAS FORMAS OBRA CERÁMICA DE ISAAC DÍAZ PARDO



**ISAAC  
DÍAZ PARDO**  
SANTIAGO DE  
COMPOSTELA  
1920-2012

Fillo do pintor, deseñador e escenógrafo Camilo Díaz Baliño. No taller do seu pai entra en contacto desde moi novo co ambiente artístico e intelectual da época e é aquí onde comezan a tomar forma os seus principios culturais e sociais. Tras o estalido da Guerra Civil e o asasinato do seu pai, no ano 36, Isaac con 16 anos, ten que vivir agochado na vivenda dos seus tíos na Coruña.

Despois da guerra, Isaac Díaz Pardo trasládase a Madrid onde estuda Belas Artes na escola de San Fernando. No último ano de carreira, é seleccionado para participar na primeira experiencia sobre deseño industrial que se desenvolve en España da man de Carlos Sáenz de Tejada. Finalizados brillantemente

os seus estudos en 1942, viaxa a Italia e Barcelona, onde exercerá como profesor auxiliar de debuxo na Escola de Belas Artes de San Jordi. En 1945, casa con Carmen Arias e instálase en Madrid.

Comeza nestes anos unha prometedora carreira como pintor, conseguindo numerosos encargos da burguesía e un importante recoñecemento da súa obra. Esta actividade non colmará as súas inquedanzas sociais e decide encauzar a súa creatividade cara á unha actividade artística máis democrática: a creación de obxectos seriados. Así, en 1947, abandona a pintura para trasladarse a Galicia e montar un obradoiro de porcelana no Castro que, en 1949, se transforma nunha fábrica, xa coa idea de recuperar Sargadelos.



**A ETAPA PICTÓRICA:  
O CASTRO 1947-1955**

Os primeiros pasos na produción cerámica teñen lugar nun obradoiro que Díaz Pardo instala xunto á súa residencia familiar, no Castro de Samoedo (Sada, A Coruña). Alí comeza, en 1947, a experimentar cos caolíns de Laxe que lle proporcionaba Isidro Parga Pondal e a traballar coas formas cerámicas.

Isaac acaba de abandonar a pintura e realiza, neste momento, pezas eminentemente artísticas, de serie limitada, que reproducen fundamentalmente as características da súa obra pictórica tanto nas formas como na súa formulación cromática, con esas figuras rotundas que constitúen a plasmación cerámica dos omnipresentes espidos da súa obra plástica, pero que non son alleas a un momento de estudo das porcelanas

europas, dos séculos XVIII e XIX, e á admiración de Díaz Pardo por cerámicas como as de Buen Retiro.

Como na súa pintura, apreciárase nas cerámicas dos anos cincuenta unha evolución cara a uns modos, aínda que tamén pictóricos, menos clásicos. A súa formación academicista vai derivando a unha maior expresividade das formas e a liña, así como no modo de aplicar as manchas de cor. Trátase dun expresionismo ao que non é alleo a obra de pintores como Laxeiro ou Colmeiro, ou lembranzas da arte románica, pero reinterpretado con ese carácter persoal de Isaac e con ese protagonismo das miradas a través dos ollos amendoados que son unha constante na súa obra pictórica e cerámica.

Comeza, tamén nestes anos, a produción de pezas de mesa que manteñen as características das figuras decorativas nos deseños dos seus relevos. Corresponden a esta etapa decorados de grande plasticidade como os das series "nenos", "cabalos" ou "cabezas".

## **O OBRADOIRO DO CASTRO**

A boa aceptación que tivo a produción dos primeiros anos na sociedade do momento, permitiu o rápido crecemento de Cerámicas do Castro. Así, en 1955, moi poucos anos despois de que se constituíra como empresa en 1949, contaba xa con 100 traballadores.





Será este o xerme do grupo empresarial Sargadelos, onde se experimentan métodos, máquinas e organización. Conseguírase, xa nos inicios, unha finísima porcelana translúcida, de moitísima calidade, ao tempo que unha gran mestría decorativa que nada lles ten que envexar ás máis prestixiosas marcas europeas. Estes excelentes resultados terán como consecuencia negativa que a alemá Rosenthal se queira facer cos caolíns de Sargadelos que se estaban a empregar como materia prima.

Xunto ás máis coñecidas pezas de mesa de branquísima porcelana e en releve, o equipo de decoración destes anos asinará un amplísimo repertorio decorativo sobre as formas creadas por Isaac, co emprego das

máis diversas técnicas: pintada á man, dourada, calca, selos...

A produción abarcará desde decorados clásicos, ao modo das porcelanas europeas do século XVIII e XIX, asinados por Llerena, Toledano, Ignacio Veiga ou José Luís Montero, ata decorados máis vangardistas e contemporáneos, moitos deles saídos da man de Carmen Arias, Mimina, muller de Isaac e gran acuarelista.



## O DESEÑADOR INDUSTRIAL: O CASTRO-MAGDALENA SEGUNDA METADE DOS ANOS 50-ANOS 60

A partir da metade dos anos cincuenta, Díaz Pardo irá abandonando as lembranzas pictóricas e o clasicismo das formas e xorde o Isaac máis vangardista, da man do cal terá lugar a introdución da "modernidade" na produción de porcelana en serie en España.

Coincide esta etapa co seu traslado á Arxentina onde, en 1957, crea a fábrica de Porcelanas Magdalena, a cen quilómetros de Bos Aires. A viaxe á Arxentina supoñerá un punto de inflexión na súa obra, pois ademais de empaparse dos movementos artísticos máis recentes e das experiencias máis vangardistas do mundo do deseño industrial, entra en contacto con intelectuais do exilio como Dieste, Blanco Amor, Baltar, Núñez Búa, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado

e, sobre todo, con Luís Seoane, co que nese intre comeza unha profunda e frutífera colaboración.

Contará nesta empresa coa colaboración do seu fillo Camilo e de Mimina que viaxará á Arxentina para poñer en funcionamento o obradoiro de decoración. As innovacións experimentadas en Magdalena trasladaranse deseguida ao Castro onde, en 1962, se pon en funcionamento a nova planta. Ata o 1968, data na que volta definitivamente a Galicia, compaxinará a dirección das dúas fábricas.

Entrará de cheo, nestes anos, no deseño industrial e aplicará os novos principios tanto a nivel estético



como á concepción empresarial. A produción sofre unha depuración das formas e a introdución de decoracións máis abstractas e xeométricas, mentres que a empresa se concibe cun compoñente ideolóxico baseado en principios éticos e de compromiso social. Das súas reflexións, xorde, en 1960, o libro *Discusión sobre organización de industrias manufactureras*, que foi censurado polo franquismo.

## O ENCONTRO COAS RAÍCES: O LABORATORIO DE FORMAS

O camiño iniciado en solitario por Díaz Pardo e as ideas experimentadas no Castro e Magdalena, culminarán cun proxecto máis complexo, o Laboratorio

de Formas, ao que Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane lle dan forma entre A Arxentina e O Castro en 1963.

Entidade instrumental de contido teórico e comparable a experiencias como a Bauhaus ou as escolas de Ulm ou Vchutemas, vaise dotar, ao modo dos "ismos" do século XX, dun manifesto redactado en 1970, no que se recollen os seus principios fundamentais.

Concíbese, en palabras de Díaz Pardo, como un movemento para axudar a Galicia partindo da utopía de que o deseño podía cambiar o mundo. Entre os seus proxectos figuran a restauración das fábricas de Sargadelos e outras iniciativas encamiñadas á recuperación da memoria histórica de Galicia, como

## A RECUPERACIÓN DE SARGADELOS

a creación do Museo Carlos Maside, Edicións do Castro ou a restauración do Seminario de Estudos Galegos.

Actuará como un instituto teórico de deseño do que sairán as directrices da produción. Os deseños serán froito dunha profunda reflexión intelectual previa que persegue un equilibrio entre vangarda e tradición, logrado mediante unha mutua reinterpretación de ambas. Así, como ocorre nas formas “Portomarínica”, “Monférica” o “Castrondourica”, tras a impresión formal de modernidade das pezas, aparentemente inspirada en deseños de vangarda, existe un fondo de tradición cultural galega na que non é difícil descubrir algún elemento procedente da arte popular, do románico ou do barroco galego.

A culminación do proxecto cerámico de Díaz Pardo, primeiro, e do Laboratorio de Formas, máis tarde, ten lugar en 1970, ano en que se consegue materializar a idea, case romántica nun principio, de reconstruír a antiga fábrica de louza que fundara o Marqués de Sargadelos, no século XIX, no actual Concello de Cervo.

Dáse comezo así á que será a Quinta Etapa de Sargadelos coa inauguración da planta circular proxectada por Andrés Fernández-Albalat, quen nese momento formaba parte do Laboratorio de Formas.

Desde 1967, xa se viña traballando nos deseños da que sería a produción da fábrica a través do gabinete de deseño do Laboratorio da Quinta Etapa de Sargadelos, no que, xunto a Isaac e Seaone, se integraron, inicialmente, Xosé Díaz e Xosé Vizoso e, máis adiante, Pepe Blanco.

En 1972 créase o Seminario de Sargadelos, como auténtico taller do

Laboratorio de Formas, que, dirixido polo propio Isaac e por Andrés Varela, no aspecto técnico, será o encargado –dende ese momento– de materializar os principios teóricos do Laboratorio de Formas e centralizará os estudos cerámicos e de deseño así como a súa divulgación. As investigacións cos distintos materiais e a experimentación de novas posibilidades técnicas, serán levadas por Isaac aos seus deseños, creando formas totalmente innovadoras que supoñen verdadeiros alardes técnicos: deseños modulares e amontoables ou figuras articuladas, nas que se chegan a empregar ata corenta elementos na súa composición.

## O ENTRAMADO CULTURAL

A obra cerámica de Isaac Díaz Pardo é o resultado dun proxecto desenvolto durante máis de sesenta

anos que, ademais, se converteu nunha das experiencias culturais e empresariais máis importantes da Galicia contemporánea. Seguindo os principios vangardistas da unión arte-industria e tendo sempre presente o seu compromiso con Galicia, creou un modelo de empresa na que os beneficios reverten en cultura coa finalidade de contribuír á modernización desta terra e á recuperación das súas raíces.

Así, parello á produción cerámica, articulouse un ambicioso entramado cultural coa fundación do Museo Carlos Maside (un dos centros de arte contemporánea máis sobranceiro de Galicia), de Edicións do Castro, con máis dun milleiro de publicacións, a recuperación do Seminario de Estudos Galegos e do Laboratorio Xeolóxico de Laxe ou a creación do Instituto Galego da Información, que nos últimos tempos actuou como centro coordinador.



### Comisariado e textos:

Teresa Pena Moreda e Fernando Arribas Arias

### Coordinación:

Encarnación Lago González

### Deseño expositivo:

ta ta ta

### Montaxe:

Escenaset

### Prestadores:

Fábricas do Castro e Sargadelos

Seminario de Sargadelos

Carmen Arias Montero

Camilo Díaz de Castro

Xosé Díaz de Castro

Ángel Patricio Rodríguez Argibay

Jesús Pérez Regueiro





A VANGARDA  
DAS **■** FORMAS

OBRA **■**  
CERÁMICA DE  
**ISAAC**  
**DÍAZ** **■**  
**PARDO**

MUSEO PROVINCIAL  
DE LUGO

Rede Museística da  
Deputación de Lugo.

Do 14 de novembro de 2013  
ao 2 de febreiro de 2014.

Máis información:



e nos sitios web: [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA  
MUSEO PROVINCIAL DO MAR  
PAZO DE TOR